


C
P
H
O
F
E
A
L

2003

2004



EDITORIAL

*Seguro que é a primeira vez que vos atopades unha publicación sen nome.
Nós tamén.*

*Foise xestando a revista, fóronse engadindo e suprimindo traballos,
maquetando, corrixindo erros...pero o nome apropiado para o que estabamos
facendo nunca aparecía.*

*Queríamos algo breve, sonoro, impactante...e en galego.Por iso precisamos a
vosa axuda. Este é só o número cero, o xerme, o comezo dunha publicación
que nos identifique,e esperemos que con nome. Por iso é esencial a vosa
participación para poder continuar con este proxecto.*

*O noso especial agradecemento a aqueles que fixeron posible que teñades
esta revista nas vosas mans.*

A VIDA QUE TIÑA NO SECULO XXX

Hoxe é o noso sétimo día aquí , entre estas montañas, onde a noite se fai moito máis longa do que é. Estamos todos desesperados e cansados de loitar pola nosa supervivencia. Nunca ímaxineí que nos poderíamos converter nalgo así, pois non paramos de pelexar, de discutir, e somos como de pedra.

Hoxe mesmo, hai unha hora, por unha mísera mazá, pelexei cun dos que supoñía un dos meus mellores amigos, e nín sequera fun capaz de pedirlle perdón sabendo que fora eu a culpable.

Aquí, no século XXX, non temos corazón, nín sentimentos, nín sentido da honradez. Matámonos uns ós outros sen sequera chiscar os ollos e logo pasamos xunto "ó morto" sen ser conscientes do mal que fixemos.

Nestes sete días e sete noites vivín historias increíbeis que nunca na miña vida anterior, no século XXI, vivira. Todo isto ocorreu cando, na miña outra vida, estaba ben e a gusto co que me rodeaba e non pensaba en se alguén o estaba a pasar mal, pois eu tiña todo o que necesitaba: fama, diñeiro, cousas bonitas e xente que me camelaba co seu respecto e admiración...pero só porque lles podía ofrecer cousas que eles honradamente nín se molestaban en intentar conseguir.

Un día, hai nove séculos, presentouse un mendígo na miña casa e díxome se quería coñecer o mundo real. Eu, pensando que estaba tolo, díxenlle que sí, máis que nada por despachalo rápido.

Entón el díxome que pronunciase as palabras "Desexo coñecer o mundo real" e eu fixeno para ver se o mendígo me deixaba en paz, rodeado de persoas que supoñía eran os meus amigos pero non era así. Atopábame no mundo real, un mundo que eu en verdade descoñecía.

Alguén me dixo que non facía falta estar no século XXX para coñecer persoas que non tivesen conciencia.

ENQUISA: "A NUTRICIÓN NO FEAL"

1º E.S.O.

	<u>homes</u>	<u>mulleres</u>
1. ¿Almorzas a cotío?		
___ Sempre	76,93%	57,89%
___ Case sempre	15,38%	10,53%
___ Case nunca	07,69%	21,05%
___ Nunca	-----	10,53%
3. Se non almorzas, ¿cal é o motivo?		
Para non gañar peso	33,33%	36,36%
Non che dá tempo	66,66%	36,36%
Non queres	-----	27,26%
4. ¿Adoitas tomar algunha cousa no recreo?		
___ Sempre	21,05%	36,84%
___ Case sempre	26,32%	31,58%
___ Case nunca	21,05%	21,05%
___ Nunca	31,58%	10,53%
5. Señala o que tomes no recreo:		
Nada	33,33%	13,33%
Froita	-----	06,67%
Bocadillo do colexio	55,56%	66,67%
Bocadillo da casa	11,11%	13,33%
7. ¿Os teus pais almorzan contigo?		
Si	47,37%	36,84%
Non	52,63%	63,16%

8. ¿Cres que a maioría dos estudantes almorzan?

___ Sempre	10,53%	26,32%
___ Case sempre	63,16%	31,58%
___ Case nunca	26,31%	42,10%
___ Nunca	-----	-----

9. ¿Coñeces algunha persoa que teña anorexia?

Si	05,26%	38,89%
Non	94,74%	61,11%

10. ¿Sabes como empeza a anorexia?

Si	78,95%	77,78%
Non	21,05%	22,22%

11. Se non almorzas, ¿tes o mesmo rendemento na escola?

Si	47,37%	44,44%
Non	52,63%	55,56%

12. ¿Cres que os que non almorzan intentan perder quilos?

Si	47,37%	52,63%
Non	52,63%	47,37%



« A NUTRICIÓN NO FEAL »

2º E.S.O.

	<u>homes</u>	<u>mulleres</u>
1. ¿Almorzas a cotío?		
___ Sempre	75,86%	42,50%
___ Case sempre	06,90%	20,00%
___ Case nunca	10,34%	15,00%
___ Nunca	06,90%	22,50%
3. Se non almorzas, ¿cal é o motivo?		
Para non gañar peso	-----	03,12%
Non che dá tempo	50,00%	46,88%
Non queres	50,00%	50,00%
4. ¿Adoitas tomar algunha cousa no recreo?		
___ Sempre	17,24%	17,95%
___ Case sempre	17,24%	28,20%
___ Case nunca	37,93%	35,90%
___ Nunca	27,59%	17,95%
5. Sinala o que tomes no recreo:		
Nada	28,12%	31,25%
Froita	-----	03,12%
Bocadillo do colexio	40,63%	43,75%
Bocadillo da casa	31,25%	21,88%
7. ¿Os teus pais almorzan contigo?		
Si	34,48%	36,84%
Non	65,52%	63,16%

8. ¿Cres que a maioría dos estudantes almorzan?

___ Sempre	24,14%	17,95%
___ Case sempre	55,17%	58,97%
___ Case nunca	17,24%	23,08%
___ Nunca	03,45%	-----

9. ¿Coñeces algunha persoa que teña anorexia?

Si	28,57%	22,50%
Non	71,43%	77,50%

10. ¿Sabes como empeza a anorexia?

Si	27,59%	65,00%
Non	72,41%	35,00%

11. Se non almorzas, ¿tes o mesmo rendemento na escola?

Si	37,93%	65,00%
Non	62,07%	35,00%

12. ¿Cres que os que non almorzan intentan perder quilos?

Si	24,14%	32,50%
Non	75,86%	67,50%



"A NUTRICIÓN NO FEAL"

3º E.S.O.

	<u>homes</u>	<u>mulleres</u>
1. ¿Almorzas a cotío?		
___ Sempre	48,65%	51,61%
___ Case sempre	21,62%	19,36%
___ Case nunca	24,32%	12,90%
___ Nunca	05,41%	16,13%
3. Se non almorzas, ¿cal é o motivo?		
Para non gañar peso	06,25%	15,00%
Non che dá tempo	37,50%	60,00%
Non queres	56,25%	25,00%
4. ¿Adoitas tomar algunha cousa no recreo?		
___ Sempre	15,38%	20,00%
___ Case sempre	46,15%	44,00%
___ Case nunca	28,20%	20,00%
___ Nunca	10,26%	16,00%
5. Sinala o que tomes no recreo:		
Nada	06,45%	10,35%
Froita	-----	03,45%
Bocadillo do colexio	87,10%	58,61%
Bocadillo da casa	06,45%	27,59%
7. ¿Os teus pais almorzan contigo?		
Si	36,11%	25,92%
Non	63,89%	74,08%

8. ¿Cres que a maioría dos estudantes almorzan?

___ Sempre	13,89%	10,71%
___ Case sempre	44,44%	28,57%
___ Case nunca	36,11%	57,15%
___ Nunca	05,56%	03,57%

9. ¿Coñeces algunha persoa que teña anorexia?

Si	10,81%	10,71%
Non	89,19%	89,29%

10. ¿Sabes como empeza a anorexia?


Si	50,00%	66,67%
Non	50,00%	33,33%

11. Se non almorzas, ¿tes o mesmo rendemento na escola?

Si	44,44%	50,00%
Non	55,56%	50,00%

12. ¿Cres que os que non almorzan intentan perder quilos?

Si	21,62%	33,33%
Non	78,38%	66,67%



"A NUTRICIÓN NO FEAL"

4º E.S.O.

	<u>homes</u>	<u>mulleres</u>
1. ¿Almorzas a cotío?		
___ Sempre	64,71%	40,00%
___ Case sempre	17,65%	30,00%
___ Case nunca	11,76%	30,00%
___ Nunca	15,88%	-----
3. Se non almorzas, ¿cal é o motivo?		
Para non gañar peso	-----	14,29%
Non che dá tempo	83,33%	57,14%
Non queres	16,67%	28,57%
4. ¿Adoitas tomar algunha cousa no recreo?		
___ Sempre	18,75%	30,00%
___ Case sempre	18,75%	26,67%
___ Case nunca	43,75%	33,33%
___ Nunca	18,75%	10,00%
5. Sinala o que tomes no recreo:		
Nada	21,43%	16,00%
Froita	07,14%	-----

Bocadillo do colexio	71,43%	52,00%
Bocadillo da casa	-----	32,00%

7. ¿Os teus pais almorzan contigo?		
Si	25,00%	23,33%
Non	75,00%	76,67%

8. ¿Cres que a maioría dos estudantes almorzan?		
___ Sempre	27,78%	10,35%
___ Case sempre	33,33%	55,17%
___ Case nunca	38,89%	34,48%
___ Nunca	-----	-----

9. ¿Coñeces algunha persoa que teña anorexia?		
Si	12,50%	26,67%
Non	87,50%	73,33%

10. ¿Sabes como empeza a anorexia?		
Si	60,00%	73,33%
Non	40,00%	26,67%

11. Se non almorzas, ¿tes o mesmo rendemento na escola?		
Si	37,50%	60,00%
Non	62,50%	40,00%

12. ¿Cres que os que non almorzan intentan perder quilos?		
Si	37,50%	40,00%
Non	62,50%	60,00%



Esta enquisa foi realizada polos alumnos de ciencias medioambientais de 3ºA : Alba Lis, Alejandro Romero, Jessica Salgado, Gemma Sánchez, Gonzalo Sueiras, Juan Carlos Vázquez y Pilar Villar ; coordinados por Isabel López Pérez



O crepúsculo do tempo

Había unha vez dous rapaces e catro rapazas que se dirixían cara á súa escola particular. Ían falando do que estes días estaba a suceder.

Estaban a ocorrer fenómenos estraños, como que amence ás once da mañá e anoitece ás tres da tarde. Ó parecer, isto ocorre cada dous mil anos, cando se abre un portal temporal que dá a un mundo paralelo no que habitan unhas criaturas chamadas "saikous".

Os rapaces seguían ó seu cando, de súpeto, un raio caeu fronte a eles. Abriuse así un burato no espacio e no tempo, e un dos rapaces recordou o que seu avó lle dixera: co primeiro raio que caía, un portal quedara aberto, pero só nas mans do gardián brillarán as esferas dos cinco titáns.

Só o verdadeiro gardián poderá colocar no trono da illa negra as cinco esferas para que o seu resplandor calme ás cinco bestas, non vaia

ser que sementen a destrución no mundo no que choquen e os mundos paralelos queden destruídos.

O que o rapaz recordou era a profecía dos cinco titáns. O rapaz falou cos seus compañeiros e todos estaban dacordo en entrar no portal temporal. Así o fixeron.

Cando chegaron ó outro lado encontráronse cun mundo totalmente distinto ó que coñecían: A herba era de cor azul; o ceo, unha cor envermellecida, en definitiva, un mundo moi estraño.

Botaron a camiñar e comezaron a buscar a primeira bóla. Tiñan que ir á illa das mentes enfurecidas.

Un dos rapaces recordou que levaba o seu teléfono móbil e, vendo a un dos titáns, sacoulle unha fotografía.

Ó ver como se achegaba aquel mastodonte saíron correndo e, como se de casualidade ou boa fortuna se tratase, atoparon a primeira bóla. Pero logo... un deles tiña que ser o gardián. Sen pensar máis nesa posibilidade comezaron a búsqueda da segunda bóla dos titáns.

De camiño encontraron unha tenda, algo que lles pareceu moi estraño, pero entraron. Viron que era como un supermercado no que había unhas esferas moi raras nas que se podía durmir. Saíron e continuaron andando. Á beira do camiño viron algo parecido a un animal. Era un Saikou. Chamábase Potala. Este curioso animal medía uns dous metros e medio e pesaba uns douscentos cincuenta quilos. En definitiva, era un gran guerreiro, que tiña a facultade de moverse a unha velocidade duns novecentos quilómetros por hora.

O animal estaba atrapado por unha pedra. Cando Potala comezou a falar todos quedaron abraiados.

Liberárono e, como agradecemento ,continuou a viaxe con eles. Xa tiñan un compañeiro máis.

Ó chegar ó templo de lume, a porta sagrada estaba custodiada por un gardián que lles deu a benvida cordialmente, pero os informou de que era preciso responder a tres preguntas para obter a bóla do titán de lume. Os rapaces accederon.

Estaban a punto de gañar a proba, mais comezou a ir unha terrible calor. Era o titán de lume. Non sabían que facer e Potala decidiu sacrificase. Comezaron a pelexar ambos contrincantes e os nosos amigos aproveitaron a situación para marchar de alí.

Pero a súa fuxida non durou moito. Alí estaba o titán dos poderes psíquicos, que os utilizou para durmilos no máis profundo dos comas.

Espertaron pouco despois nunha especie de hospital dese estraño mundo e comprobaron que a súa loita non servira de moito. Ambos mundos mesturáranse e os titáns estaban a atacar todas as cidades polas que pasaban.

Sabían que non podían facer nada naquel intre.. .pero habíanse vingado... aínda que esta é unha historia que contarei outro día.



A HISTORIA REPÍTESE

A sociedade contemporánea cre que é moi innovadora e revolucionaria, pero nós imos demostrar que algunhas historias mitolóxicas e feitos do mundo clásico son comparables cos do mundo actual e, en moitos casos, aínda máis creativos. Así imos desenvolver o noso estudio en varias seccións de gran actualidade.

Sección Corazón

Escomezamos investigando a orixe dos concursos de beleza e comprobamos que todo empezou co denominado Xuicio de Paris, príncipe troiano que recibiu a orde de Zeus, deus de deuses, de elixir a máis bela de tres deusas, Hera, Atena e Afrodita,. Cada unha delas prometeu diversos presentes se eran elixidas: Hera ofreceulle o imperio de Asia, Atena aseguroulle a victoria en todo combate e Afrodita, a mortal

máis bela como esposa. Paris decidiu outorgar o premio a Afrodita levado polo seu instinto masculino, e tal como lle prometeira ,conquistou á fermosa Helena, muller do rei Menelao.

Se nos fixamos na actualidade ocorre o mesmo con algunhas das "misses" que intentan comprar o xurado tanto economicamente como con favores persoais e o xurado elixe a quen máis lle convén segundo os agasallos concedidos.

O mundo da prensa rosa é un tema de interese social sobre todo para as persoas desocupadas hoxe en día, pero as vodas , divorcios, enganos , noites tolas, fillos secretos... xa se remontan á mitoloxía

Destacamos o caso de Zeus ,coñecido no ámbito sentimental por ter relacións moi próximas co xénero feminino, pero o problema é que a súa esposa Hera é moi ciumenta, quizais demasiado, pois víngase das infidelidades do seu marido, castigando , perseguindo e matando ás súas amantes.Así ocorreu por exemplo con Ío, unha das compañías de Zeus, que foi vixiada por Argos, un monstro de cen ollos , por mandato de Hera.

Hoxe en día o novo Zeus podería ser David Beckham que ten o mesmo carácter amoroso que o deus. Victoria sería Hera e ocúpase das respectivas amantes do seu marido, tal e como fixo con Rebeca Loos, vixiada por reputados detectives privados. ¡Esperemos que Victoria non chegue ata estes extremos!

Sección Tarot

Na antiga Grecia os emperadores, reis, príncipes... de todas as partes do mundo ían ó oráculo de Delfos para que a pitonisa entrara en comunicación cos deuses do Olimpo e lles "adiviñara" a súa sorte e o seu futuro, tanto sentimental como militarmente. Neste momento existen unha serie de adiviñadores (Aramis Fuster, Raphel, a bruxa Lola...) que a través do teléfono e da televisión fan crer ós inxenuos que poden descubrir o seu futuro quitándolles parte dos aforros.

Sección Deportiva

No mundo actual existen diferentes deportes violentos como a loita libre, o

boxeo... e espectáculos taurinos. Antigamente tamén se facían este tipo de actos sanguinolentos con animais e con persoas; noutras palabras, tanto antes como agora adicábanse e adícanse a matarse inutilmente mentres o público disfruta destes espectáculos. No mundo grego o deporte olímpico estaba ligado a outro tipo de acontecementos como obras musicais, representacións teatrais e poéticas. No periodo de tempo no que se producían as Olimpíadas calquera tipo de enfrontamento bélico era paralizado pola chamada "tregua sagrada" a cal duraba tres meses. Nesta olimpíada só podían participar homes que fosen cidadáns gregos.

Imaxínade unhas Olimpíadas na actualidade nas que os países enfrontados nunha guerra tiveran que deter os seus ataques para poder participar.


Gustaríanos que nas distintas probas destas olimpíadas os participantes fosen os principais responsables implicados na guerra.

Imaxínade a final de tenis na que se enfrontarían Aznar e Bush contra Bin Laden e Saddam Hussein. Os favoritos serían Aznar e Bush xa que ó ser tan cristiáns teñen o apoio de Deus e aínda por riba os dous teñen unha gran amizade, isto fai que sexa un equipo moi sólido e compenetrado. Pero, ó outro lado da rede estarían Bin e Saddam que son musulmáns e teñen a axuda de Alá e o profeta Mahoma, sendo así teremos un partido moi igualado.

A vestimenta deste deporte sería un simple "tapavergoñas" e o árbitro do partido Eolo o deus do vento, o cal estaría a favor dos galácticos Aznar e Bush. Este favoritismo veríase claramente no último punto do partido xa que cando Bin fora golpear a bóla unha ráfaga de vento deixaríalos espidos a el e a Saddam e terían que retirarse da competición para poder tapar as súas intimidades


O final desta historia prodúcese tralo remate do partido, xa que Bin Laden, humillado, vaise refuxiar nas montañas de Afganistán cun gran arsenal armamentístico e unha potente armadura que o protexe de ataques nucleares.

Porque hai que dicir que Bin fuxiu co trofeo olímpico e Aznar vai ser quen de atopar o seu escondite secreto e conseguir o desexado premio. Como reflexo deste fin da nosa aventura imaxínade estas ilustracións do estado dos dous personaxes.



Sección Científica

Para rematar, no mundo da investigación pénsase que deron un paso importante coa reprodución dun rato de laboratorio con dous óvulos sen ter nada que ver as hormonas sexuais masculinas. Pero isto xa vén de máis atrás co coñecido nacemento de Venus , deusa do amor, que foi reproducida polas "partes baixas" do seu pai Urano, debido a que o seu fillo, Cronos, cortoullas e arroxounas a o mar , pois prometera á súa nai Xea, vingarse dalgunha forma porque non permitía que a súa muller parira os seus fillos por medo a que estes lle quitaran o seu poder . E por este feito naceu ela, xa desenvolvida. Este acontecemento está representado no cadro de Boticelli, "O nacemento de Venus" onde se pode contemplar á deusa, espida, de pé, nunca cuncha.



Franciso Candocia
Aroa Lago
Vanesa Picos
Francisco Ponce
Cristina Rodríguez
Cristina Torrente

CULTURA CLÁSICA - 4º B

A AMIZADE DE PLATINOSUS E ANTÓSIDO

Era un día corrente no que eu, Platinosus, e Antósido saímos a xogar como todas as noites co noso canudaurus.

Eu díxenlle a Antósido que probamos a ver se Ficidadus, o noso canudaurus, daba collido hoxe o pao na póla máis alta daquela árbore que está ó lado do río de lava. El díxome que non, que era moi perigoso e ademais ía moita calor e estaba moi escuro.

Ó final decidín non probar, e pensei no futuro, pensei se de aquí a dez anos, é decir no lonxano ano 300, podería seguir aquela árbore alí con aquela calor tan incesante. E fíxenlle unha aposta a Antósido. Fixen uns cálculos e el aceptou.

Pasaron os anos e tivo que pagarme o que acordamos.

Díxome que os dez mil cocos e os dous tinadosaurus non os tiña porque el pensara sempre que ía gañar. Díxenlle que non pasaría nada sempre que mos conseguira en tres días. Aceptou e marchou.

Ó día seguinte vin chegar a Antósido con dous cocos e dez mil tinadosaurus. Equivocárase. Iso era algo habitual.

Deille a metade dos tinadosaurus e un coco. Deume as gracias e dende aquela fomos sempre amigos, cunha desas amizades que son irrompibles.

É así quedou na cova onde pintabamos de pequenos. Aquelas imaxes e debuxos perduraron anos e anos. Quizais incluso aínda as poidas ver hoxe en día

DANIEL CASTRO VEIGA, 4º DIVERSIFICACIÓN



Eran tempos moi malos, e o ano rondaba o 6601 ac aproximadamente. Non me acordo moi ben porque a miña cabeza xa non é o que era. Pois iso, vou contar o que me sucedeu naquela época, na lonxana prehistoria.

Eramos unha familia como calquera outra, viviamos todos agrupados en pequenas covas. O que non me gustaba nada eran aqueles animais tan grandes. Como se enfadaban destruzaban todo o que se lles poñía por diante. Era horroroso, non o aguantaba.

Un día apareceu un dinosourio moi grande e viña moi furioso porque estaba ferido e tiña fame. Eu non podía crer o que estaba a ver, era espantoso. Destrozoume a cova e todo o que tiña dentro. Todos tremiamos de medo e eu non daba reaccionado ante tal cousa.

No medio do meu shock pasou pola miña cabeza se eu vería o futuro, como sería, se sempre estaríamos condicionados por aquelas forzas da natureza, se nunca poderíamos chegar a compensar coa nosa intelixencia tanta forza bruta.

Pensei que quizais, naqueles tempos, ó mellor os bichos cos que loitáramos serían diminutos pero farían o mesmo dano que estes... crei que afortunadamente non o comprobarei

Acantilados corren polas túas pernas
brancos como a túa pel
o vento trouxo os teus cabelos
da túa boca quíxen beber

O sol escóndese nos teus ollos
por non verte perecer
traíu eu a túa lúa
onde quíxera nacer

Lágrimas na túa cara
como un río vén correr
escondeuse entón a túa alma
na escuridade que pechei

Jairo García Leal - 3ºESO C



MARCAPÁXINAS

Laura - 3ºA

Como deixar de comer as unllas

Eu era unha nena que comía as unllas...

Un día, no colexio, Elisa díxome mirando para as miñas unllas:

-que noxo, comes as unllas.

-si, pero xa verás como o mes que vén terei unhas bonitas unllas, e mellores cás túas - contesteille eu.

- inon creo! - Dixo elisa.

- ixa verás! - comentei eu.

Despois do colexio eu marchei para a casa pensando como podía deixar de comer as unllas. Xantei e despois sentei no meu escritorio, e pensei como podía deixar de comer as unllas. Pensei que podía facer un método:

1º Intentar non morder as unllas

2º Pintar as unllas

3º Poñer un anaco de cinta adhesiva en cada unha das unllas

4º Poñer luvas

5º Poñer pementón

6º Coller os dedos coa porta

7º Atar as mans

8º Poñer esparadrapo na boca

9º Non parar de comer

10º goma de mascar

Agora só teño que levar a cabo estes dez métodos, confío en que algún deles me dea resultado. Deixarei a Elisa coa boca aberta.

Método nº 1:

Intentar non morder as unllas.

A min non me funcionou. Intentabao pero... inada! Ata que o meu pai me avisaba cando as mordía, pero... inada! Non había forma: Miña tía, miña avoa, miña bisavoa,.... Todos me avisaban pero inada!



Método nº 2:

Pintar as unllas.

Non cho aconsello. Acabas desquiciada, iata comes esmalte! Mirándome o espello eu mesma parecía que estaba mal da cabeza. ¡Ata os meus pais estiveron a punto de levarme a un psicólogo!



Método nº 3:

Poñer un anaco de cinta adhesiva en cada unha das unllas. Este sistema trae consigo dúas condicións:

Primeira: Morderse as unllas (esta xa existía)

Segunda: Morder fixos. Esta adicción é doado deixala, con tal que no mires para nada que poida ter cinta adhesiva, inin para facer un traballo do colexio!



Método nº 4

Poñer Luvas.

¡Olló! Este método é apropiado para inverno. Non fagades coma min, que o levei a cabo no verán. Na praia, todo o mundo me miraba con xesto de complicidade murmurando: "¡Alí vai esa atolondrada! Pobriña, está tola".



Método nº 5

Poñer pimentón.


Eu non o probei pero é aconsellable para atletas e deportistas en xeral. Aconselleillo ó meu amigo Marcos. Puxenlo antes dunha carreira nunha unlla. Ó dar á saída levouse o dedo á boca e saíu disparado. ¡Gañou o primeiro premio! Gracias, sobre todo ó meu inxenio. Para a miña personalidade é un método un tanto esaxerado. É a razón de que non o fixera xamais.



Método nº 6

Coller os dedos coa porta.


Eu non o probei porque as miñas unllas son un tesouro e... inon quero quedarme sen elas para toda a vida!



Método nº 7

Atar as mans.


Este método causoume moitos problemas. O día que decidín seguir o método estaba soa na casa. Preparei un cordón moi curto e lieino nas bonecas. Ó chegar miña nai á casa Pensou que entrara un ladrón. Mentres eu lle berraba que non había ningún ladrón, ela chamaba a berros a todos os veciños pedindo socorro.



Metodo nº 8

Poñer esparadrupo na boca.


Púxeno un día para ir a ó colexio. Ó verme miña inimiga díxome: "Non me estraña que teñas un esparadrupo na boca, idis tantas tonterías!" púxenme tan rabiosa que rebentei o esparadrupo.



Método nº 9

Non pasar de comer.

Este método gustaríalle ó meu pai, pero a min púxome moi gorda. Tiven que facer exercicio durante meses. Agora xa volvo ser normal.



Método nº 10

Goma de mascar.


Este método a min funcionoume, pero non cho aconsello. Resulta un pouco caro. A min custoume a celebración do meu aniversario.

☞ << El acuario >> ☞☞☞☞☞

☞ Fui con mi padre, mi hermano y Begonia ☞
☞ al acuario.

☞ Hay cien mil peces, también hay un ☞
☞ tiburón grandullón y muy gordo. Había ☞
☞ una estrella de mar, hay un erizo y setecientas ☞
☞ mil focas. Había una medusa y un caballito ☞
☞ de mar, y muchos cangrejos.

☞ También hay un bar en el salón y en la ☞
☞ cocina del bar había mucha comida.



Un día Verónica...

Un día Verónica, pídelle á súa avoa que lle conte unha historia. E a súa avoa comenza dicíndolle: hai moitos anos, alá polo século XVI, nun país lonxano, había un pobo no que a súa xente padecía unha enfermidade terríbel: o sarampelo.

Un día a princesa deste pobo, cando espertou, e se mirou ó espello, viu a súa cara cuberta de grans. Deulle un ataque de histeria. Entón o rei dille ó seu fillo:

-Ismael, fillo, por favor, vaí na procura dun remedio, porque senón a túa irmá vólvesenos tola.

O príncipe Ismael, partiu do castelo na busca dun remedio; pois oíra nun pobo chamado Santo, existía unha copa cunha brebaxe milagreira, que curaba todo tipo de males.

Ismael, moi ilusionado, porque cría que ía ser o salvador de todo o seu reino, e tamén, como non, da súa irmá, comenzou a súa peregrinaxe cara o pobo Santo.

Despois de 33 días de camiñadas, chegou a este pobo. A súa sorpresa foi, que cando chegou, atopou que non había xente polas rúas. Non lle podía preguntar a ninguén onde se atopaba a copa. E dixo: ¿e agora que fago? ¿onde estará a copa?

Comenzou a camiñar polas rúas sen ningunha dirección concreta. E chegou ata diante dun edificio, que semellaba un museo. Cando se dispoñía a entrar nel, pareceu unha vellíña que lle dixo:

-Non entres, non entres, se non... E marchou correndo.

Ismael, quedou moi sorprendido e intrigado, ¿que lle quereda dicir a vellíña? E ¿por que marcharía tan a présa?

Pero el como era moi atrevido, decidiu entrar.

Diante del apareceu unha cámara abandonada, no medio da cal, había unha urna de cristal, que contiña unha copa de ouro e prata brillante. Cando se dispoñía a abrila, chegaron uns seres moi, moi raros e prendérono.

Levárono a outro edificio que, case con toda seguridade, era unha prisión. Alí estaba a xente do pobo, alí metida.

Ismael, entón decatouse que o pobo estaba invadido polos extraterrestres e por unhas criaturas indescribíbles.

E o que pretendían estes seres era apoderarse da copa para así poder conquistar todo o universo. Pero tiñan un grave problema: non eran capaces de abrir a urna. Só podía ser aberta por unha persoa que non tivese malas intencións.

Ismael, e máis outros habitantes da vila, lograron fuxir do cárcere. Como as intencións do príncipe eran boas, conseguiu abrir a urna. Entón os extraterrestres decatáronse que alí non facían nada e marcharon, deixando libres a todos os habitantes do pobo.

Ismael, agradeceulle a xente do pobo Santo a súa colaboración. Iniciou o camiño de volta ó seu reino. Levaba un pouquiño de brebaxe da copa, porque o resto quedaba no pobo Santo por se alguén precisara dela noutra ocasión.

Con isto conseguiu a todos os seus súbditos, que non padeceron ningunha enfermidade endexamáis, e tamén, a presumida da súa irmá... E isto é todo o que lle aconteceu dixo a avoa.

-Avoa, gústoume moito esta historia -dixo Verónica- Mañá, ¿cóntasme outra?

E o día seguinte a avoa comenzou a relatarlle.....

ALUMNOS E ALUMNAS DE 6º C DE PRIMARIA
COLEXIO O FEAL

XOGO DE CARTAS: "Os efectos das drogas"

Regras do xogo:

Número máximo de xogadores: 5

1º Repártense todas as cartas entre os xogadores

2º En cada turno, todos os xogadores deberán pasarlle unha carta, ó mesmo tempo, ó xogador situado á súa dereita.

3º Gaña o primeiro que consegue completar unha droga cos seus efectos.

Alcool: delirium tremens

gastrite
cirrose hepática
cardiopatías
demencia

Cocaína: perforación do tabique nasal

hemorragia cerebral
sinusite
pérdida do apetito
hiperactividade

Cannabis: pérdida de memoria

insomnio
problemas reproductivos
taquicardia
reduce as defensas de organismo

Drogas de deseño: convulsións

golpe de calor
contracción da mandíbula
agresividade
depresión

Tabaco: úlcera gástrica

cancro de pulmón
cancro de: boca, larinxe, ril, esófago e vexiga
infarto e anxina de peito
impotencia



Ideado por Isabel López Pérez e os alumnos de 3º e 4º de ciencias medioambientais e da saúde: Adrián Castro, Jairo García, Rubén Naveiras, Esteban Novo, Manuel Pérez, Sergio Prieto, Arantza Rivas, Tamara Lis, Jessica Aldrey, Verónica Ferrándiz, Marcos Gómez, Tania Loira, Sergio Ollero, Cecilia Papaleo, Francisco J. Ponce, Borja Silva, Alberto Vilela.

A COMUNIDADE XITANA: A NOSA LINGUA

O pobo xitano atópase disperso por todo o mundo debido ás múltiples migracións pero está unido por unha orixe común: a lingua.

A lingua xitana (o romanó), manifestación máxima da cultura do pobo, é unha das linguas máis antigas do mundo.

Desta lingua Romanó que falaban todos os xitanos do mundo, xurdiron distintos dialectos.

En España fálase o Caló. Este dialecto enriquece ás linguas españolas, especialmente o castelán, transmitindo palabras ó seu vocabulario.

O Caló aportou (substantivos, adxectivos, verbos, ...) como por exemplo: gachó, menda, gili, chalao, chipé, mangar, chanelar, chungu, e así numerosos termos.

¿Queredes aprender algunhas das palabras que empregamos os xitanos? Fíxate no parecido que teñen algunhas das que empregas normalmente.

Avó: Batipurí

Mentira: Bulo

Medo: Canguelo

Cariño: Jeli

Comer: Jalar

Fillo: Chavarí

Amigo: Monró

Almorzar: Fufetear

Onte: Adreté

Bailar: Quelar

Mestra: Duquendí.

Maio: Quintalé

Médico: Fulcheró

Pan: Manró

Bico: Chumenda

Cama: Chiripén

Ojos: Acais

Patatas: Riladores

Pedir: Mangar

Robar: Lelar

Hola: Orí

Alcalde: Chejaró

Auga: Pañí

Guitarra: Bajañí

Baile: Quelañí

Namorar: Camelar

Bicar: Morrisar

Diñero: Jayere

Dormir: Sobar

Deus: Debel

Tabaco: Truján

España: Sesé

Agora, busca na Sopa de Letras as equivalentes en Caló das seguintes palabras en galego:

AVÓ – AMIGO – BAILAR – CAMA – VERGOÑA – MEDO – CARIÑO – BAILE – BICAR - DEUS

A	G	L	P	N	G	S	E	Q	Z	W	C	F	R	D	T	B	O
C	F	C	D	E	R	F	V	B	G	T	Y	H	N	M	I	H	U
G	K	Q	U	E	L	A	Ñ	I	G	H	L	H	B	M	L	J	E
H	L	K	I	K	M	N	D	X	F	A	V	C	N	O	K	N	L
A	O	P	Ñ	L	J	O	E	U	C	K	M	B	H	R	O	M	A
H	M	D	D	G	U	U	B	H	L	J	B	C	G	R	P	B	R
I	S	O	H	J	Y	I	E	H	K	L	P	H	T	I	Ñ	I	K
S	D	U	N	K	H	K	L	Ñ	P	O	L	I	R	S	M	F	G
D	F	Y	O	R	B	D	F	G	T	R	E	R	E	A	N	J	U
H	T	D	L	Q	O	F	V	J	O	U	T	I	S	R	H	H	F
I	J	F	W	Z	X	G	H	S	W	Q	A	P	X	C	B	G	C
B	I	J	I	A	S	F	C	A	N	G	U	E	L	O	V	T	R
R	H	L	I	H	J	S	R	D	F	C	T	N	Y	G	G	R	T
F	E	Y	U	U	I	J	K	O	P	L	M	U	H	X	D	D	E
J	H	J	Y	B	A	T	I	P	U	R	I	N	M	E	X	C	X





¿ME PUEDO QUEJAR?

Vale, entonces me dirijo a vosotros, "los Profes", que por cualquier tontería, ya nos hacéis un Parte. Nosotros ya sabemos que no somos unos santos, pero en vez de expulsarnos para casa, creo que sería mejor otro tipo de castigo. Por ejemplo: recoger basura dentro del recinto escolar, podar los árboles, pintar murallas, limpiar las mesas... Yo me acuerdo que en el 2000 se hacía así. Yo llevo en este colegio desde los tres años, y ahora que estoy en 2º de ESO, comenzaron a expulsarme, y ya estuve en casa más de mes y medio, y a otros niños más tiempo, por cosas que yo creo que no eran importantes; arrastrar una silla haciendo ruido, comer en clase... y, claro, como los tutores o directores no están las cinco horas seguidas con los profesores en clase, no saben como son realmente, y, algunos se pasan bastante... ¿Por qué no les podemos hacer un Parte nosotros a los profesores?, ¿a quién nos quejamos de los Profes?, ¡oh, que injusta es la vida...! Y aparte, también creo que si es un colegio nos tienen que enseñar y educar. Y si nos pasan la mitad del curso en casa, pues... ¡Vaya educación!

Injustiza no Feal

No colero de feal os alumnos de 1º B 6.50-1 nos deixan jugar a liga de futbol sala. Ellos non vemos o xusto da situación por que cremos que non hai moída diferenzia de corpo e idade, e por futbol que non presta, por que nós estamos capacitados para facer-lo igual ou mellor cos demais, aínda por encima o importante non e ganar se non participar.

ARON VB

NINA

Adrián Vazquez

MANUELA (3 anos)
"Assi nom eu"



NEREA (4 anos)
"A vaca"



"A mai vaca e a pueha xelbo"
Cristian (5 anos)



GABRIEL (4 anos)
"Gabriel no natal"

